

Os Tres Teixos

Lugar de Martín, 10 - San Acisclo de Valadouro

27786 Foz (Lugo)

Teléfono: 982 124 503 / 690 156 081

E-mail: info@ostresteixos.es

Web: http://www.ostresteixos.es

ACCESIBILIDADE FÍSICA

Entorno Inmediato ao establecemento

- O acceso á casa está nunha rúa chaira, asfaltada sen beirarrúas e despexada de obstáculos.
- O terreo conta á súa entrada cunha ampla zona adoquinada onde se estacionan os coches. As prazas non están delimitadas no chan e non hai unha praza reservada a Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
- Dende a zona de aparcadoiro ata a casa o pavimento é de grava e presenta unha inclinación que varía entre o **3%** e o **19%**.
- Diante da casa hai **2** chanzos de **18 cm** que teñen unha rampla alternativa. Esta ten un ancho de **1,5 m**, unha lonxitude de **1,6 m** e unha pendente axeitada do **8,9 %**.

Acceso

- A porta presenta un pequeno chanzo de 4 cm de altura. É de madeira de dúas follas, unha delas é fixa e parcialmente acristalada, e deixa un oco de paso de **1,22 m**.

Vestíbulo e recepción

- A edificación principal ten dúas portas principais de entrada que van cara ás mesmas zonas, quizais unha mais practicable que outra ao non ter obstáculo ningún (porta traseira da casa).
- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de **1,20 m** de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiscorregadizo.
- A mesa de atención ao público ten unha altura de **83 cm**, un fondo de **75 cm** e un ancho libre de **50 cm**. Está colocado nun corredor e dificulta o paso xa que deixa un espazo libre de **60 cm**.

Cuarto Adaptado (A Comedeira)

- N.º cuartos adaptados: **1**. Está na planta baixa e o itinerario é accesible, salvando o paso estreito que deixa o posto de recepción.
- A porta de entrada mide **82 cm** de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de **1,50 m** de diámetro. A distancia entre mobles é de **1 m**.
- A cama ten unha altura de **52 cm** e accédese a esta polo lado esquerdo, por un espazo libre de **1,50 m** de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os caixóns están a unha altura de **30 cm** e o percheiro a **1,9 m**.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

Cuarto de baño do cuarto adaptado.

- A porta é corrediza e deixa un oco de paso de **1,02 m** de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de **1,50 m** de diámetro.

Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de **1,5 m** de ancho polo lado dereito. O asento está a unha altura de **41 cm** e o mecanismo de descarga a **75 cm**.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a **73 cm** de altura.

Lavabo

- Debaxo do lavabo hai un espazo libre de **76 cm** de alto e **53 cm** de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de **1,2 m** e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de **81 cm**.

Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de **90 cm** de ancho.
- É un prato de ducha cun relevo de **1,5 cm**.
- A ducha dispón dunha barra de apoio en forma de L, situada correctamente, na parede lateral á billa. Está a unha altura do chan que varía entre os **88** e os **166 cm**.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de **90 cm**.

ACCESIBILIDADE VISUAL

Acceso

- A edificación principal ten dúas portas principais de entrada que van cara ás mesmas zonas, quizais unha mais practicable que outra ao non ter obstáculo ningún (porta traseira da casa).
- A entrada ao edificio principal ten **2** chanzos de **18 cm** cunha rampla alternativa. Non están sinalizados no bordo cunha franxa de pavimento e cor contrastada.
- A porta é de madeira e está parcialmente acristalada. Non está sinalizada pero non é necesario xa que a madeira presenta suficiente contraste.
- Diante e detrás da porta hai un felpudo que non está ancorado ao chan.
- Nos corredores de circulación o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

Cuarto estándar (A Horta)

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

ACCESIBILIDADE AUDITIVA

Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

Aseos Comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

Sinalización

- A casa dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estanzas e servizos.

Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Cubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Escaleira	De recepción a planta superior	Sen ascensor alternativo.	Tipo de escaleira: interior N.º de chanzos por tramo: 12 Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non Altura dos chanzos: 18 cm Fondo da pegada: 30 cm Con tabica: Si Con bocel: Si Zócolo de protección lateral: Non Pasamáns: a un lado a 84 cm de altura Oco baixo a escaleira protexido: Si

Comedores (2)	Planta baixa	Accesible por interior e por exterior por rampla	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 77 cm , Altura baixo mesa: 65 cm Ancho baixo mesa: 80 cm , Fondo baixo mesa: 80 m Non dispoñen de carta en braille.
Salas de reunións (2)	Planta baixa y 1	Só accesible a sala situada na planta baixa	Mesa cadrada de 60 cm de altura que non permiten a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible, xunto a un comedor	O aseo non está adaptado para persoas con discapacidade.